

NOMEAMENTO DE PERSOAL EVENTUAL DE CONFIANZA:

Tralas eleccións municipais do 24 de maio de 2015, aprobouse no Pleno de organización da corporación local celebrado o día 10 de xullo de 2015 á creación de dous postos de traballo de persoal eventual de confianza para o grupo de goberno co seguinte detalle:

Administrativa de gabinete de alcaldía:

Número de postos: 1 persoa.

Xornada laboral: a ordinaria do resto do persoal municipal, sen prexuízo da súa especial dispoñibilidade segundo as necesidades de alcaldía.

Retribución: 26.018,86 euros brutos anuais.

Auxiliar administrativa:

Número de postos: 1 persoa.

Xornada laboral: a ordinaria do resto do persoal municipal sen prexuízo da súa especial dispoñibilidade segundo as necesidades do goberno.

Retribución: 19. 498,36 euros brutos anuais.

Por outra banda, os **grupos municipais da oposición (Partido Popular, Ames Novo e Pacto por Ames)** contan cos seguintes medios:

-Persoal de confianza: un /unha auxiliar administrativo/a proposto por cada grupo municipal.

Retribución: 19. 498,36 euros brutos anuais.

Este acordo plenario faise público para xeral coñecemento.